



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL, A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL, A FUNDACIÓN JUANA DE VEGA PARA REMATAR O PROXECTO “Mobilización produtiva de terras no Val de Lemos”.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Desenvolvemento Rural da Consellería do Medio Rural, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural ten previsto formalizar coa Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), e a Fundación Juana de Vega o instrumento convencional de colaboración arriba referido.

A colaboración entre a Consellería, AGADER e a Fundación ten por obxectivo final lograr a mobilización efectiva de terras agrarias para a súa posta en produción por posibles demandantes locais ou doutras zonas de Galicia dentro do proxecto “Mobilización produtiva de terras no Val de Lemos” de carácter piloto e na zona do Val de Lemos polas súas especiais características de produtividade agraria e grao de abandono das terras.

Este obxectivo xeral subdivídese en catro obxectivos específicos:

1. Selección, caracterización e diagnose preliminar de zonas piloto de actuación con boa potencialidade agraria na comarca do Val de Lemos.
2. Identificación da demanda potencial de terras agrarias para as zonas piloto de actuación, tanto a nivel interno como a nivel externo.
3. Desenvolvemento dunha estratexia e protocolo de cooperación público-privado para o estímulo da oferta e a dispoñibilidade efectiva de terras con aptitude agrícola.
4. Identificación, caracterización e mobilización efectiva da oferta de terras nas zonas piloto de actuación.

O proxecto divídese en catro fases, orientadas cada unha delas á consecución destes obxectivos específicos.

As dúas primeiras, selección e caracterización de zonas piloto potenciais e identificación e caracterización da demanda efectiva foron xa desenvolvidas mediante o Convenio asinado o 15 de outubro de 2015 entre a Fundación Juana de Vega e a Universidade de Santiago de Compostela.

A Consellería do Medio Rural ten entre as súas competencias e funcións a elaboración, proposta e desenvolvemento das directrices da política agraria e os seus obxectivos a mellora das estruturas de produción das explotacións agrarias a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e AGADER como entidade xestora do Banco de Terras de Galicia impulsando a mobilización e a valorización produtiva das terras con vocación agraria.

A Consellería do Medio Rural considera conveniente e necesaria a súa implicación, a través de ambos departamentos e mediante o instrumento deste Convenio, para contribuír ao desenvolvemento das fases 3 e 4 deste proxecto piloto que desenvolva a estratexia de cooperación público-privada de estímulo da oferta e disposición de terras de aptitude agraria e a mobilización da oferta nas zonas de actuación participando na definición dos protocolos de estímulos da oferta e ofrecendo as maiores garantías xurídicas e as achegas económicas que melloren as posibilidades de éxito do





proxecto.

A execución destas dúas últimas fases 3 e 4 do proxecto serán levadas a cabo mediante licitación ou encomenda coa colaboración de persoal investigador da Universidade de Santiago de Compostela, de persoal técnico do Banco de Terras de Galicia baixo a dirección da persoa responsable da súa xestión, así como persoal técnico da Subdirección Xeral de Infraestruturas, baixo a dirección da persoa titular da citada subdirección.

A Fundación e a Universidade achegarán todos os resultados do proxecto acadados nas fases 1 e 2 do proxecto á Consellería e a AGADER, que servirán de base para o deseño preliminar do protocolo de estímulo da oferta potencial (Fase 3) e a posterior execución do mesmo para a mobilización da oferta (Fase 4). Para estes efectos, a persoa interlocutora coa Fundación será a persoa titular da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e mais da Dirección Xeral de Agader.

Así a fase 3 desenvolverá dunha estratexia de cooperación público-privado para o estímulo da oferta e a dispoñibilidade efectiva de terras con aptitude agrícola, coa finalidade de obter un protocolo preliminar de acción, incluíndo axentes a involucrar e estratexia de actuación.

A fase 4 servirá para caracterizar e mobilizar a oferta de terras nas zonas piloto de actuación cun protocolo de cooperación público-privado, un informe final dos resultados acadados e un informe de avaliación final do proxecto e recomendacións.

O custo máximo destas fases 3 e 4 do proxecto “Mobilización produtiva de terras no Val de Lemos” ascende a 71.164,73 euros, impostos incluídos, coas seguintes achegas: Consellería do Medio Rural 62.670,53 € de fondos propios e a Fundación Juana de Vega 8.494,20 €, todas elas co IVE incluído e co seguinte reparto de anualidades:

ANUALIDADE	2017	2018	TOTAL
Fundación	8.494,20 €	0 €	8.494,20 €
Consellería do Medio Rural	17.905,86 €	44.764,67 €	62.670,53 €
TOTAL	26.400,06 €	44.764,67 €	71.164,73 €

A empresa adjudicataria ou encomendada elaborará os informes finais e de avaliación de cada unha das fases obxecto deste convenio, así como un informe de avaliación final no que se indicará de maneira clara e precisa os obxectivos acadados neste proxecto, e no seu caso, das desviacións e as súas causas, así como as recomendacións oportunas.

A achega da Fundación Juana de Vega será aboada á Xunta de Galicia, cando sexan adjudicados ou encomendados os traballos, podendo ser traspasado ao ano 2018 a parte da anualidade de 2017 que non se execute.

A Consellería aboará un importe de sesenta e dous mil seiscentos setenta euros con cincuenta e tres céntimos (62.670,53 €) asignado á realización da fase 4 do proxecto, definida no anexo técnico. Esta achega farase con fondos propios e con cargo a aplicación orzamentaria 13.04.551A.604.1

Estas achegas faranse efectivas unha vez realizados os traballos e previa presentación dos informes de execución de actividades, xunto coas correspondentes certificacións de gasto, podéndose facer certificacións parciais á entrega de traballos.

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento por mutuo acordo. Sen prexuízo diso, o incumprimento por algunha das partes de calquera das obrigas contraídas no presente convenio facultará á





outra para esixir o cumprimento ou a resolución do convenio, co resarcimento de danos e perdas.

O período de vixencia do Convenio abrangue dende o día da súa sinatura, e permanecerá vixente ata o remate do seu obxecto cunha data límite do 31 de decembro de 2018.

Santiago de Compostela,

O director xeral de Desenvolvemento Rural

ASINADO DIXITALMENTE

Miguel Ángel Pérez Dubois

